

Táboa salarial ano 2004

Categorías	Salario base mensual	Complemento tóxico/penoso	Complemento transporte	Complemento pto. traballo
Encargado	804,18	160,84	77,53	58,59
Conductor	668,09	133,62	77,53	
Peón	567,05	113,41	77,53	

× 14,5 pagas × 11 pagas × 12 pagas × 12 pagas

Táboa salarial ano 2005

Categorías	Salario base mensual	Complemento tóxico/penoso	Complemento transporte	Complemento pto. traballo
Encargado	833,93	166,79	80,40	60,76
Conductor	692,81	138,56	80,40	
Peón	588,03	117,61	80,40	

× 14,5 pagas × 11 pagas × 12 pagas × 12 pagas

**CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS
E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA**

Resolución do 11 de abril de 2005 pola que se convoca un seminario sobre operativa policial con menores.

Dentro das actividades programadas para o ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a realización dun seminario sobre operativa policial con menores, segundo o previsto no artigo 23 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policías locais, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Coñecer os cambios normativos operados en relación coa temática do curso.

-Dominar o procedemento policial de actuación con menores.

-Saber cales son as demandas máis comúns desde a fiscalía e os xulgados sobre este tipo de actuacións, que permitan mellorar as dilixencias e os atestados policiais.

Destinatarios.

O seminario vai dirixido aos membros das forzas e corpos de seguridade de Galicia.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

Prazas.

80.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste seminario deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 13 de maio de 2005, ás 13 horas.

3. As instancias deberán enviarse ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia; avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Datas.

O seminario desenvolverase durante o día 19 de maio de 2005.

O horario será de 9.30 a 14.00 e de 15.30 a 19.00 h.

Contido.

-Normativa estatal e autonómica que se refire aos menores.

-Tratamento socioasistencial.

-Operativa e procedemento policial.

-Problemática máis común que se suscita na actuación policial.

-Solucións desde unha óptica multidisciplinar a esta problemática.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos publicarase o día 16 de maio a partir das 14 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben poden confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Lugar.

Sede do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na avda. da Cultura, s/n, no concello da Estrada.

Certificado de asistencia.

Ao remate do seminario entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento do seminario para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 11 de abril de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
Director do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO	ENTIDADE DE PERTENZA
SEMENARIO: OPERATIVA POLICIAL CON MENORES LOCALIDADE: CEXESGA	
1. SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome: DNI:
Data de nacemento:	Teléfono/s de contacto:
Enderezo particular:	
Rúa:	Concello: Provincia:
2. DATOS PROFESIONAIS	
Corpo de procedencia:	
Categoría	Clase de persoal
Grupo de pertenza dentro do corpo	
Ano de entrada no corpo	
Enderezo do posto de traballo	
3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELEIRO DELEGADO	
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario se atopa en activo e ten a miña autorización para asistir ao curso.	
Lugar e data	Sinatura e selo do órgano informante
	Asdo:
4. DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude	
..... de de 200.....	
Sinatura do/da solicitante:	
5. SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección, resolveu	
<input type="checkbox"/> selecciónalo/a <input type="checkbox"/> non selecciónalo/a	
Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:	Asdo:

Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 20 de abril de 2005 pola que se convocan para a elección de destino aos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A) escala superior de estatísticos, convocada pola Orde do 16 de abril de 2004.

Pola Orde do 16 de abril de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 78, do 23 de abril) convocouse proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A) escala superior de estatísticos, sendo nomeados como funcionarios en prácticas a través da Orde do 3 de febreiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 15 de febreiro).

Unha vez publicados polo correspondente tribunal os resultados obtidos no curso selectivo e co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo accedan á condición de funcionarios coa maior brevidade posible, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Admi-

nistración da Xunta de Galicia (grupo A) escala superior de estatísticos, para a elección de destino definitivo, en único chamamento, na sala B da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, sita no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, o día 28 de abril de 2005, ás 10.00 horas, podendo elixir, segundo a orde acadada no proceso selectivo, entre os postos que se relacionan no anexo desta orde, sempre que se reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade.

Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de represnetante, seranlles adxudicadas en destino definitivo as prazas que lle corresponden atendendo á orde de publicación desta e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación de prazas aos aspirantes presentes ou representados, e entre as que quedaran sen adxudicar.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública